

BASES CONCURSO DE FOTOGRAFÍA – Arteixo CCA:
“Siente o Sabor de Coca Cola de Tapas por Arteixo”.

Viches o novo anuncio Coca Cola?

Volve a sentir o sabor de Coca Cola bebendo directamente da botella.

Coa vosa tapa servida!! faite unha foto bebendo Coca Cola.

Súbea ao facebook de Arteixo CCA, e... entra no concurso!!

Poderás gañar unha comida ou cea gratis en Arteixo.

BASES:

Participación: Poderá participar no concurso calquera cliente do roteiro “De Tapas por Arteixo”, que suba ao Facebook do CCA (Arteixo CCA) a súa fotografía tomando unha tapa e unha Coca Cola, do xoves 18 ao Domingo 21 de Febreiro de 2016.

Requerementos: Para participar, o cliente deberá estar consumindo unha das tapas do *VIII Concurso de Tapas por Arteixo*, e unha botella de Coca Cola. Ambos elementos (tapa e refresco) deben aparecer na fotografía, para que ésta sexa valorada no concurso. Cada cliente poderá enviar como máximo unha foto por local/tapa concursante.

Lema do Concurso: “Sinte o Sabor de Coca Cola, de Tapas por Arteixo”

Buscamos fotografías que imiten, versionen ou amplíen o concepto dos novos anuncios “Taste de Feeling” / “Siente el Sabor”, nos que se anima a recuperar a sensación e o especial sabor ao beber Coca Cola directamente da botella clásica do refresco. Pódense visualizar imaxes e anuncios desta campaña en www.cocacola.es. Aínda que a imitación das imaxes do anuncio ten un premio especial, o feito de incluír esta mensaxe, será valorado nas 3 categorías ou premios.

Categorías:

1º.- Foto Taste the Feeling: a mellor imitación ou recreación das imaxes do novo anuncio de Coca Cola “Siente el Sabor” (www.cocacola.es)

2º.- Foto máis Orixinal: a foto máis persoal, artística ou orixinal de Tapas por Arteixo con Coca Cola.

3º.- Foto máis Divertida: a foto máis divertida de Tapas por Arteixo con Coca Cola.

Premios: Coca Cola Iberian Partners, colaborador do *VIII Concurso de Tapas por Arteixo*, premiará ás fotografías gañadoras cun xantar ou unha cea nun establecemento hostaleiro de Arteixo. O convite incluírá o xantar ou cea para as persoas que aparezan na fotografía ate un máximo de catro (4). Os premiados serán anunciados no Facebook *Arteixo CCA* e na web www.ccaarteixo.com, antes do 29 de Febreiro.

Notas: Arteixo CCA, como organizador do concurso, reserva o dereito de:

- Interpretación das presentes bases;
- Excluír fotografías que se poidan considerar ofensivas ou de mal gusto;
- Declarar deserto calquera dos 3 premios, en caso de non haber representatividade ou calidade suficiente para unha ou máis categorías.